

VECIÑANZA TRASLADA AO PLENO DESTA SEMANA O DEBATE SOBRE A FUXIDA DO REI EMÉRITO JUAN CARLOS DE BORBÓN E A PETICIÓN DUN REFERENDO SOBRE A XEFATURA DO ESTADO

- *Máis dunha ducia de mareas municipalistas de toda Galicia están levando aos seus respectivos plenos municipais o debate sobre a fuxida do Rei Emérito e a esixencia dun referendo sobre a Xefatura de Estado*
- *Os motivos que sustentan a moción inciden na presunta implicación de Juan Carlos de Borbón, ex Xefe do Estado, en “delitos de corrupción, branqueo de capitais e evasión fiscal continuada e de enormes dimensións”*
- *A moción de Veciñanza propón condenar a fuxida de Juan Carlos de Borbón cando está a ser investigado pola Fiscalía do Tribunal Supremo, esixir un referendo sobre a Xefatura do Estado e instar ao Goberno e ao Congreso á que se inicie unha investigación parlamentaria sobre as accións do rei emérito.*

Cuntis, 29 de setembro de 2020

Máis dunha ducia de mareas municipalistas de toda Galicia están levando aos seus respectivos plenos municipais o debate sobre a fuxida do Rei Emérito e a esixencia dun referendo sobre a Xefatura de Estado. Marea Atlántica ou Compostela Aberta xa fixeron o propio nas cidades da Coruña e Compostela, e **este xoves Veciñanza farao en Cuntis**.

A iniciativa busca trasladar á Corporación un debate que se está a dar na rúa para fixar o posicionamento de cada forza política e os acordos que se propoñen ao conxunto do pleno son, entre outros: **condenar a fuxida do rei emérito Juan Carlos de Borbón** cando está a ser investigado pola Fiscalía do Tribunal Supremo; instar ao Goberno do Estado e ao Congreso das Deputadas a que inicien **unha investigación parlamentaria** polas accións realizadas por D. Juan Carlos de Borbón dende o ano 2014, momento no que deixou de manter a súa condición de inviolabilidade xurídica; instar ao goberno do Estado a **derrogar o delito de injurias ao rei e á Casa Real** recollidos nos artigos 490.3 e 491 do Código Penal, igualando a protección penal da honra desta figura e institución coa do resto da cidadanía; esixir, de probarse os delitos que se investigan, o **reingreso ás arcas públicas do patrimonio adquirido ilegalmente polo rei emérito**; instar a todas as administracións a retirar calquera honra ou título honorífico que ostente Juan Carlos de Borbón e esixir a **celebración dun referendo** no que a cidadanía decida sobre a continuidade da monarquía como depositaria da Xefatura do Estado.

Os motivos que sustentan a moción inciden na presunta implicación de Juan Carlos de Borbón, ex Xefe do Estado, en “delitos de corrupción, branqueo de capitais e evasión fiscal continuada e de enormes dimensións, que só poden comprenderse pola práctica sistemática de amplos





sectores do poder político, institucional e mediático de mirar cara a outro lado en todos os asuntos que teñen que ver coa Casa do Rei e a monarquía”. Repasa, igualmente, algúns dos escándalos da Casa Real Española que a sitúan “moi lonxe do seu pretendido comportamento “exemplar”, tan manido como falso”.

Máis alá da valoración dos comportamentos dos membros da Casa Real, a moción de Veciñanza ten espazo para referirse ao cargo institucional da Xefatura do Estado, da que afirma que o feito de que esta sexa *“un cargo hereditario, no que ademais os varóns gozan de prioridade na liña sucesoria, é unha anomalía democrática e un anacronismo feudal sobre o que a cidadanía nunca tivo opción de decidir: a monarquía é unha institución imposta polo franquismo tras case 40 anos de ditadura iniciada cun golpe de estado á República”*. Por último, Veciñanza fai referencia á *“complicidade dos partidos dinásticos do réxime do 78 coa monarquía, incluíndo a actual Presidencia do Goberno”* e cualifícaa de *“escandalosa”*. Do mesmo xeito, recorda que *“o Código Penal ofrece máis protección á Casa Real ca a calquera outra institución ou cidadá a través do delito de inxurias á Coroa. Pola contra, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos mantén unha liña xurisprudencial clara, en virtude da cal os ordenamentos xurídicos non poden outorgar unha protección especial e cualificada aos cargos e institucións que se consideren máis importantes, senón máis ben todo o contrario”*.

